



ACTIVIDADE 1

LANTERNA



INFORMACIÓN BÁSICA

Duración: 30 minutos.

Tipo de xogo: Proxectar

Agrupamento: Individual ou parellas

Materiais: Lanterna nun lugar da clase un pouco máis escuro (pechar a persiana) e tablet.

Nivel de dificultade: Media

INSTRUCCIÓNS

1º. Visualiza as imaxes da lanterna. Quen son? Que son? Que fan? Onde están?.

2º. Busca información na tablet sobre algún dos elementos que viche.

3º. Cubre a ficha. ,

ONDE ESTÁ GARDADO?

Na estantería de "CIENCIAS" no corredor

CURSO	ÁREAS
1º e 2º de EP	Lingua galega e castelán. Ciencias Sociais. Ciencias Naturais

	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS
CC. NN	▪ CA1.2. Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	▪ Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
CC SS	▪ CA1.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	▪ A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.
LG	▪ CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.

ACTIVIDADE 2
RECICLAXE: XOGO RUBISH RACE E ROBOT

INFORMACIÓN BÁSICA

Duración: 30 minutos.

Tipo de xogo: Xogo de mesa. Pensamento computacional.

Agrupamento: Individual ou parellas

Materiais: Robot e caixa do xogo.

Nivel de dificultade: Alta

INSTRUCCIÓN

1º. Le o libro do Capitán Verdeman.

2º. Captura o código QR do xogo para ver o tutorial coas instrucións.

3º. Se tes dúbidas sobre a reciclaxe, consúltaas co asistente AIRE, para atopalo tes que capturar o código QR.

4º. Agora podes coller o robot e xogar programándoo para chegar co lixo ao seu contedor. Colócao a diferentes lonxitudes, xiros, que teña que ir cara atrás..


ONDE ESTÁ GARDADO?

Na estantería de "CIENCIAS" no corredor

CURSO	ÁREAS
1º e 2º de EP	Ciencias Sociais. Ciencias Naturais

	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS
CC. NN	▪ CA3.4. Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	▪ Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
CC. NN	▪ CA4.4. Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...).

ACTIVIDADE 3

CADA DEBUXO CO SEU SENTIDO



INFORMACIÓN BÁSICA

Duración: 10 minutos.

Tipo de xogo: Emparellamento.

Agrupamento: En parellas.

Materiais: Círculos dos sentidos e dos obxectos plastificados.

Nivel de dificultade: Baixa.

INSTRUCCIÓN

1º. Despega todos os obxectos e reméxeos.

2º. Une cada obxecto co seu sentido pegándoos no lugar adecuado.

ONDE ESTÁ GARDADO?

Na estantería de "CIENCIAS" no corredor

CURSO	ÁREAS
2º de EP	Ciencias Naturais

	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS
CC. NN.	CA2.5. Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna.



ACTIVIDADE 4

MAQUETA SISTEMA SOLAR



INFORMACIÓN BÁSICA

Duración: 30 minutos.

Tipo de xogo: Construír unha maqueta do Sistema Solar.

Agrupamento: Individual ou parellas

Materiais: Ficha para recortar, tablet, tesoiras, cores e remaches.

Nivel de dificultade: Alta

INSTRUCCIÓNS

- 1º. Visualiza o vídeo capturando o QR. .
- 2º. Pinta a ficha.
- 3º. Recórtaa,
- 4º. Colocálle os remaches.
- 5º. Imita os procesos de rotación e translación.



ONDE ESTÁ GARDADO?

Na estantería de “CIENCIAS” no corredor


CURSO	ÁREAS
1º e 2º de EP	Ciencias Sociais.

	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS
CC. SS	CA2.2. Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e co universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais.



ACTIVIDADE 5

EMPARELLA ÓRGANO E FUNCIÓN.



INFORMACIÓN BÁSICA

Duración: 15 minutos mínimo.

Tipo de xogo: Emparellamento e lectura.

Agrupamento: En parellas.

Materiais: Miniaturas dos órganos, tarxetas dos debuxos e dos nomes e libro “Anatomicum”

Nivel de dificultade: Media

INSTRUCCIÓN

1º. Estira o mantel para non ocupar todo o espazo.

2º. Une cada órgano co seu nome.

3º. Emparella cada órgano coa súa función.

4º. Escribe de novo o nome coas letras móbiles.

5º. Mira o libro Anatomicum.

ONDE ESTÁ GARDADO?

Na estantería de “CIENCIAS” no corredor

CURSO	ÁREAS
1º e 2º de EP	Lingua galega Ciencias Naturais

	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS
CC. NN	▪ CA2.5. Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	▪ Identificación e descrición das partes do corpo humano.
L.G	▪ CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	– Interese pola ampliación de vocabulario básico.
L.G	▪ CA4.5. Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	▪ Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.

ACTIVIDADE 6.

XOGO DE MEMORIA DAS PROFESIÓNS



INFORMACIÓN BÁSICA

Duración: 15 minutos.

Tipo de xogo: Emparellar.

Agrupamento: Individual, parellas ou máis.

Materiais: Imaxes das profesións..

Nivel de dificultade: Baixa.

INSTRUCCIÓNS

- 1º. Coloca as imaxes e os nomes das profesións todas cara abaixo.
- 2º. Por quendas, vai levantando dúas a dúas ata que formes a parella.
- 3º. Pode ser un xogo colaborativo ou ver quen ten máis parellas ao final.

ONDE ESTÁ GARDADO?

Na estantería de “CIENCIAS” do corredor.

CURSO	ÁREAS
1º e 2º de EP	Ciencias Sociais.

	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CONTIDOS
CC. SS	CA1.5. Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan.